

Resolución reitoral do 21 de xullo de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras do segundo prazo de solicitude e renovación de adaptacións na Universidade da Coruña para o curso académico 2025/26 e se procede á súa convocatoria

PREÁMBULO

A Universidade da Coruña, no marco do seu compromiso coa igualdade de oportunidades e coa inclusión, promove medidas específicas de apoio ao estudantado que, por razóns de discapacidade ou outras circunstancias persoais, precise adaptacións que garantan plenamente o exercicio dos seus dereitos académicos.

Artigo 1. Obxecto

Esta resolución ten por obxecto establecer as bases reguladoras do segundo prazo de solicitude de adaptacións dirixidas ao estudantado con necesidades específicas de apoio educativo da Universidade da Coruña (UDC) para o curso académico 2025/26, tanto para o novo estudantado como para o que xa conta con expediente na Unidade de Atención á Diversidade (ADI).

Artigo 2. Persoas destinatarias das adaptacións

Poderá solicitar as adaptacións reguladas nesta resolución o estudantado que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Ter matrícula feita ou ter previsto matricularse no curso académico 2025/26 na UDC.
- b) Ter recoñecida oficialmente unha discapacidade.
- c) Presentar necesidades educativas específicas derivadas de condicións como TDAH (trastorno por déficit de atención con hiperactividade), dislexia ou outras dificultades de aprendizaxe.
- d) Atoparse noutras situacións persoais que xustifiquen a necesidade de apoio e acompañamento individualizado.

Artigo 3. Documentación necesaria

As solicitudes serán avaliadas polo equipo técnico da ADI. A documentación que se deberá presentar varía segundo o perfil da persoa solicitante:

1. Novo estudantado (sen expediente previo na ADI):



a) Formulario de solicitude de servizos cuberto e asinado. O formulario está dispoñible na seguinte ligazón:

https://www.udc.es/export/sites/udc/goberno/equipo_reitoral/vid/ADI/_galeria_imgs/SOLICITUDE-DE-ADAPTACIONES-GALEGO-1.docx_2063069239.docx

b) Copia do DNI ou documento de identificación equivalente.

c) Certificado de recoñecemento do grao e tipo de discapacidade ou outra documentación acreditativa. No caso de non dispoñer deste certificado, poderanse presentar informes médicos, psicolóxicos e/ou psicopedagóxicos actualizados.

d) Xustificante de matrícula na UDC no curso 2025/26.

e) Horarios das materias en que se matricule a persoa solicitante.

f) Declaración da renda do último exercicio fiscal. Esta documentación só se presentará no caso de solicitar algún destes servizos: transporte adaptado, asistencia persoal ou ILSE (intérprete de lingua de signos).

g) A documentación dos apartados d) e e) poderase presentar máis adiante, se non está dispoñible no momento da solicitude.

2. Estudantado con expediente na ADI (renovación):

a) Formulario de solicitude de servizos cuberto e asinado. O formulario está dispoñible na seguinte ligazón:

https://www.udc.es/export/sites/udc/goberno/equipo_reitoral/vid/ADI/_galeria_imgs/SOLICITUDE-DE-ADAPTACIONES-GALEGO-1.docx_2063069239.docx

b) Actualización dos informes médicos, psicolóxicos e/ou psicopedagóxicos, se os houber.

No caso de que non existan cambios na situación do expediente da persoa solicitante, non será necesario presentar de novo a documentación xa achegada. Se se require información adicional, esta será solicitada pola ADI.

Artigo 4. Lugar e prazo de presentación de solicitudes

a) O segundo prazo de presentación de solicitudes estará aberto desde o 18/08/2025 ata o 12/09/2025, ambos incluídos.

b) No caso do novo estudantado, as solicitudes terán que se formalizar mediante cita previa para realizar unha entrevista inicial coa persoa solicitante. Esta cita poderá ser en liña ou presencial na ADI e haberá de se solicitar a través do seguinte formulario:

<https://outlook.office365.com/book/UnidadedeAtencionDiversidade@udcgal.onmicrosoft.com/>



Na cita que se concerte coa ADI, a persoa solicitante deberá entregar a documentación recollida no artigo 3 desta resolución.

c) No caso do estudantado con expediente previo na ADI, non será obrigatorio solicitar cita previa. Porén, a persoa solicitante poderá solicitar atención presencial na ADI ou en liña a través do mesmo formulario. De concertar cita, será obrigatorio presentar a solicitude cuberta e asinada e, se for o caso, a documentación actualizada.

d) Non se admitirán solicitudes fóra de prazo.

Artigo 5. Protección de datos

1. En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPd), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), infórmase de que os datos facilitados ao concorrer a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da UDC, con estes datos de contacto: rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña, tel.: 881 011 161, correo-e: rpd@udc.gal.

2. A finalidade do tratamento destes datos persoais é a xestión da convocatoria. Todas as persoas que entren en contacto con eles coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade que establece o artigo 5 da LOPD. Os datos trátanse durante o tempo imprescindible para cumprir coa dita finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible esixencia de responsabilidades legais.

3. A persoa interesada consente expresamente o dito tratamento para os efectos de cumprir coa finalidade descrita. Terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos, agás que o tratamento dos datos estea xustificado con algunha das outras bases de lexitimación recollidas no artigo 6 do RXPd.

Así mesmo, terá dereito a solicitarlle á responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao dito tratamento, así como a solicitar, agás casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Tales dereitos poderanse exercer a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais dispoñible na Sede



Electrónica da UDC (apartado “Outros trámites”) ou mediante unha solicitude remitida ben á Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña (por correo postal ou a través dos rexistros da UDC); ou ben ao correo electrónico rpd@udc.gal, coa referencia “Protección de datos”. Así mesmo, terá dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Disposición final primeira. Habilitación

Habíltase a Vicerreitoría de Igualdade e Diversidade para interpretar e resolver as dúbidas que poidan xurdir na aplicación desta convocatoria.

Disposición final segunda. Recursos

Esta resolución poderá ser recorrida mediante un recurso potestativo de reposición ante a reitora ou reitor da UDC no prazo dun mes, que contará a partir do día seguinte ao da súa publicación no TEO, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Ou ben directamente mediante un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o xulgado competente, segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición final terceira. Publicación e entrada en vigor

Esta resolución reitoral entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da Sede Electrónica da UDC.

O reitor

PD (RR 10/07/2024)

A vicerreitora de Igualdade e Diversidade